



# Manifesto das novas feministas da Europa

Este texto é un documento de traballo creado no Campamento de novas feministas da Europa organizado en 2011 polo grupo de novas da Coordinadora de París da Marcha Mundial das Mulleres. Durante os sete días que durou o campamento tiveron lugar numerosos talleres, obradoiros e debates en torno a diversos temas que cristalizaron no presente documento de traballo conxunto realizado por mozas de Francia, Galiza, Bélxica, Euskal Herria, Suiza, Portugal, Armenia, Rumanía, Polonia e Macedonia.

O obxectivo do presente documento é analizar conxuntamente as loitas compartidas e traballar na elaboración de respostas e estratexias comúns para afrontarlas no futuro.

Marcha Mundial das Mulleres · Galiza

As mulleres da Europa e do mundo confrontanse hoxe con dificultades particulares provocadas por un sistema patriarcal e culturas sexistas. Achamos que os novos desenvolvementos neste mundo de post-crise teñen agravado – e continúan a agravar– a situación das mulleres, poñendo en perigo os dereitos tan duramente atinxidos.

Nosoutras, as novas feministas da Europa, xuntámonos no Campamento das novas feministas da Europa en Xuño do 2011 para debatir e discutir a situación actual das mulleres e os medios para melloralas. Este manifesto non pretende ser unha listaxe exhaustiva de todos os problemas aos que as mulleres se confrontan hoxe, se non mais ben unha guía e un punto de partida para unha Axenda común de novas feministas europeas.

Os temas que imos abordar aquí son os seguintes: Solidariedade, Discriminación múltiple, Economía, Medio Ambiente, Violencia, Saúde, Sexualidade e o fomento do feminismo. Continuaremos a traballar conxuntamente para construír un mundo sen opresión nin dominación patriarcal e para manter e reforzar os nosos vínculos.



# SOLIDARIEDADE

Comprometémonos a compartir as informacións e as experiencias nas nosas loitas através dunha rede feminista europea. Xuntas propoñemos os seguintes puntos:

1. A solidariedade debe ser unha ferramenta para loitar xuntas contra as sociedades patriarcais e toda forma de opresión das mulleres. A solidariedade internacional reforza ás activistas.
2. A solidariedade debe de prever todo xeito de racismo, imperialismo e clasismo nas nosas loitas.
3. A solidariedade deberá de se apoiar nas análises e nas reivindicacións das mulleres nas comunidades de base, incluída a súa indentificación co territorio, unha cultura e un contexto preciso.
4. A solidariedade entre mulleres nun país implicado en conflitos armados é unha ferramenta de resistencia contra a militarización, a guerra e o conflito.
5. Aquí e agora, solidarizámonos con todas as novas feministas da Europa e esforzémonos para aumentar a solidariedade coas mulleres do mundo enteiro.

Queremos abordar a situación das mulleres que enfróntanse a diversas formas de discriminación que as tornan máis vulnerábeis. Isto concerne principalmente as emigrantes, ás mulleres que piden asilo, ás exiliadas, ás detidas, a aquelas que pertencen a unha minoría cultural (relixiosa, étnica, lingüística ou doutro tipo), ás mulleres vítimas de tráfico humano e ás mulleres explotadas sexualmente. Todas estas mulleres teñen en común o feito de estaren sometidas a unha presión suplementaria pola súa condición de muller, alén de pertencer a un grupo discriminado. Os problemas económicos, de racismo, o rexeitamento e a lexislación actual son factores que o único que fan é empeorar a súa situación.

As medidas tomadas na Europa para protexer as mulleres destas violencias teñen sido moi escasas. As veces son os propios Estados os que lexitiman medidas agresivas contra estas mulleres, promulgando leis hipócritas que as criminalizan. Viven a miúdo no isolamento e tórnanse invisíbeis, o que reforza a súa dependencia sobre as persoas e as institucións, que aproveitanse da súa situación (falta do dominio da lingua oficial, difícil situación económica e social...) Os valores e accións políticas dominantes están eurocentradas e baseadas nunha ideoloxía colonialista que tende a presentar as inmigrantes en Europa como parásitos e as emigrantes europeas como benefactoras para o desenvolvemento dos países considerados como inferiores.

Debido a este contexto, loitaremos por :

1. Deconstruír os a priori e combatir o sistema patriarcal racista e capitalista que reforza os diferentes xeitos de opresión.
2. Construír unha rede europea de solidariedade que loitará contra as redes interestatais discriminatorias que controlan a migración.
3. Estudar e tomar conta da heteroxeneidade dos grupos e as especificidades individuais (ex. as situacións de choque cultural), e por fin a percepción das inmigrantes e as mulleres que piden asilo como grupos unidos e homoxéneos.
4. Por fin ao isolamento, abrir espazos de libre expresión e visibilizar os intereses das mulleres discriminadas.
5. Reforzar a solidariedade entre países afectados polo tráfico humano (país de saída e de chegada).
6. Favorecer o apoio ás prostitutas traballando para visibilizar os seus dereitos, axudando a aquelas que procuran outras oportunidades.

# ECONOMÍA

O sistema socioeconómico globalizado e opresor de hoxe en día enxendra desigualdades de xénero, un acceso desigual aos dereitos e recortes sociais nas cuestións xénero. Mulleres, grupos e países diferentes enfróntanse a desafíos específicos, e pensamos que unha gran achega a esta loita global é precisa. Cómpre por en cuestión as nocións de traballo e pobreza, co fin de comprender as dificultades as cuais nos enfrentamos como mulleres. A pobreza tense feminizado en moitas dimensións, o que provoca exclusión e privacións acumulativas. As mulleres pobres teñen un acceso menor aos servizos da colectividade e á cultura, así como a unha mobilidade e autonomía reducidas. Algúns grupos de mulleres enfróntanse a obstáculos como é á discriminación no mercado de traballo e de obtención de un salario digno : lesbianas, bisexuais, transexuais, queers, intersexos, as mulleres de Rom, inmigrantes, sen papeis, mulleres pobres, mulleres de idade, minusválidas, nais solteiras, mulleres que fan parte de minorías étnicas, mulleres vítimas de violencia, etc.

1. Cuidados e asistencia : As vidas da xente son interdependentes e as sociedades dependen dos cuidados e da asistencia prestada pola mulleres. Este traballo debe de ser recoñecido pola cantidade existente de persoas dependentes : as crianzas, as persoas de idade e minusválidas, etc. Na verdade, outras persoas como os maridos, pais e compañeiros masculinos dependen tamén dos cuidados e da asistencia das mulleres. Aínda que recoñezamos a existencia desta interdependencia non debe de impedir a autonomía das mulleres, e os cuidados deben de se repartir de xeito equilibrado entre os xéneros (por exemplo a través de centros de cuidados financiados polo Estado e fomentando que os homes se ocupen de persoas que o precisan).

2. Mercado de traballo : No mercado laboral as mulleres traballan nos sectores mal remunerados, a tempo parcial ou en postos inferiores, mas tamén nos mercados invisíbeis e informais. Os dereitos de traballo das mulleres deben de ser respectados e aplicados, e sera preciso o apoio e o fomento para que as mulleres loiten polos seus dereitos no traballo visible ou invisible, formal ou informal. É igualmente crucial que o traballo invisíbel das mulleres sexa visibilizado. As mulleres enfróntanse á discriminación e ao acoso no mercado de traballo. Seguen a estar peor pagadas que os homes polo mesmo traballo. As mulleres que traballan nos sectores dominados tradicionalmente por homes e ben remunerados deberían de se manter, e deberíase de fomentar entre os homes o traballo nos sectores tradicionalmente femininos. decidir libremente sobre as súas vidas.

# MEDIO AMBIENTE

3. Dereitos sociais : A pobreza e a exclusión social están estreitamente ligadas á acumulación de privación ao nivel dos recursos, servizos e dereitos, a educación, a sanidade, as prestacións de desemprego, as pensións... Grazas as luitas feministas, as mulleres atinxiron dereitos sociais que están a ser cada vez máis ameazados baixo o pretexto de resolver a crise económica. Todas as mulleres deben de ter acceso aos recursos, servizos e dereitos. Todo isto debe de estar asegurado para que as mulleres podan fuxir ao ciclo da pobreza, en lugar de se afundir cada vez máis. O desenvolvemento da cooperación económica entre mulleres como modelo alternativo é un paso importante neste sentido.

As nosas reivindicacións son vitais para que as mulleres poidan vivir e decidir libremente sobre as súas vidas.

Hoxe en día atopámonos nunha crise internacional alimentaria, enerxética, climática e medioambiental creada polo sistema de produción globalizado e capitalista implantado actualmente. Este sistema privatiza e comercializa a nosa terra, os bens comúns e a biodiversidade, coa destrución e a sobrexplotación do noso medio ambiente.

As mulleres son normalmente as primeiras afectadas por esta situación. Sabemos que as mulleres do rural son as principais responsábeis da produción alimentaria, ao contrario que os monocultivos a gran escala que dominan o modelo de produción actual. En numerosos países, as mulleres son as primeiras en sufrir os desgastes medioambientais por ser quenes se ocupan da cociña, a economía do fogar e o traballo doméstico e teñen menos acceso á información, á terra e aos servizos. Nin as mulleres nin os nosos pobos son responsábeis e non deberían de pagar nin sufrir as consecuencias desta crise. Rexeitamos as leis que destrúen a agricultura labrega e o noso medioambiente como a PAC europea, as falsas solucións que continúan a dar prioridade a un modelo de desenvolvemento anticuado, ao beneficio das grandes empresas que empobrecen a vida das mulleres e dos nosos pobos.

1. Queremos promover a solidariedade e os intercambios de información entre os nosos pobos, co fin de crear unha Europa construída para e por un pobo e loitar contra a Europa das institucións e as grandes empresas.

2. Queremos propor a agricultura independente e respectuosa con o medio ambiente para producir alimentos para os nosos pobos e promover a soberanía alimentaria.

3. Queremos construír modelos de consumo alternativos baseados na produción local, o respecto do medio ambiente, a biodiversidade e as estacións, que priorizan os produtos autóctonos de tempada e visibilizan a cadea de produción alimentaria informando ao público.

4. Queremos xustiza no lugar da impunidade da que se aproveitan os estados e as empresas que destrúen e explotan o noso medio ambiente e a agricultura local.

6. Queremos un novo modelo enerxético, sustentábel, respectuoso co medio ambiente e accesible para a poboación.

# SANIDADE

No marco do acceso das mulleres aos servizos e produtos sanitarios, achamos que os seguintes puntos son esenciais :

1. Toda muller deberá de ter un acceso libre a un servizo público e de calidade; opoñémonos a crecente mercantilización dos servizos e produtos de saúde.

2. As mulleres deben de ter a soberanía absoluta sobre seus corpos, que debería de ser sempre respectada. Debemos de poder escoller libremente con respecto do noso corpo (en termos de maternidade, aborto, anticonceptivos...). Debemos de loitar polo libre acceso ao aborto e por manter ese dereito nos países onde se encontra ameazado.

3. O desenvolvemento de programas de educación sexual e sanitaria é fundamental.

4. Todos os sistemas de sanidade deberían de asegurar que os problemas de sanidade propios das mulleres (como o cancro de mama) reciban atención plena, así como o apoio e os recursos necesarios para o tratamento, a prevención e a investigación.

# VIOLENCIA

As mulleres continúan a sufrir diversas formas de violencia como resultado directo do sistema patriarcal. Este sistema de dominación está estruturado entorno a tres eixos de opresión – sexo/xénero, etnicidade/raza/cultura e clase social – e presente en todos os ámbitos da vida colectiva e individual, representando en si mesmo un xeito de violencia contra todas as mulleres. A imposición dos roles e estereotipos de xénero está na raíz das violencias estruturais, económicas, sexuais, psicolóxicas, verbais e físicas contra as mulleres.

As violencias contra as mulleres varían segundo o grao : auto-violencia ligada a imaxe do corpo, representación negativa das mulleres nos medios de comunicación, discriminación, acoso, crimes de odio contra as lesbianas, dependencia económica, casamento forzado, violencia conxugal, mutilación xenital, violación e feminicidio ; o que deixa as mulleres nunha situación de medo permanente e afecta integralmente á sociedade. Esta situación é seriamente agravada no caso mulleres que viven en países en situación de conflitos armados. Mesmo cando as mulleres tentan de saír da violencia, continúan a sufrir novas formas variadas en cada etapa do proceso.

Poñemos os seguintes puntos de acción para tomar medidas na violencia contra as mulleres :

## 1. Sensibilización e educación

- Sensibilización do público en xeral e das persoas implicadas directamente en procesos xudiciais (policías, xulgados, etc.)
- Programas educativos sobre o heterosexismo, a masculinidade e a auto-defensa feminista como medio de prevención.

## 2. Prevención e apoio total das vítimas

- Espazos abertos para a interacción e o diálogo
- Espazos non mixtos para o apoio e a auto-expresión das mulleres
- Asesoramento e asistencia para as vítimas
- Casas de acollida (segundo necesidade) e vivendas sociais
- Subvencións económicas e sociais para as mulleres dependentes economicamente que sofren violencia
- Sensibilización das mulleres con respecto dos seus dereitos (educación de igual a igual, educación formal e informal...)

## 3. Presión institucional

- Campañas para o establecemento de leis que traten todos os problemas específicos de mulleres, nomeadamente os ligados a violencia, (como as ordenanzas restritivas contra os agresores) e pola boa aplicación da lei
- Lexislación que criminalice a violación e o feminicidio doméstico

# SEXUALIDADE LGBTQI EDUCACIÓN SEXUAL

En cuanto as problemáticas relacionadas coa sexualidade feminina, as cuestións LGBTQI e a educación sexual, propoñemos os seguintes puntos como directrices para o noso traballo futuro :

1. Perspectivas feministas con respecto da sexualidade pra rachar co sistema patriarcal e o heterosexismo que crea desigualdades baseadas no xénero e no sexo.
2. Reapropiación dos nosos corpos como mulleres a fin de controlar a nosa sexualidade
3. Liberdade de escolla da identidade sexual (lesbiana, transexual, queer, intersexo...)
4. Promoción do dereito das mulleres respecto dos seus praceres e as súas escollas en todas as súas experiencias sexuais : as mulleres deben de ter sempre a escolla de cando, como e con quen teñen relación sexuais.
5. Loita contra lesbo-, homo- e transfobia
6. Emancipación das mulleres respecto das institucións relixiosas como opresoras patriarcais da nosa sexualidade
7. Loita polos dereitos iguais para todas e todos, sexa cal for a súa orientación ou a súa identidade sexual
8. Educación sexual (na escola, a través da educación popular, os medios de comunicación...)
9. Ruptura coa imaxe mediatizada da muller hipersexuada vista como instrumento de pracer dos homes heterosexuais
10. Reapropiación da pornografía nunha perspectiva feminista (en loita contra a pornografía sexista dominante)
11. Creación de redes para espazos onde compartir experiencias e boas prácticas en torno a sexualidade feminista (accións, proxectos, programas, vídeos...)

# PROMOCIÓN DO FEMINISMO

Consideramos importantes os seguintes puntos para o fomento do feminismo :

1. La construcción de un mundo sen estereotipos sobre o feminismo ou o xénero e sobretudo que presente o feminismo dende un punto de vista positivo (loita para acabar co anti-feminismo)
2. Promover o feminismo como visión dunha sociedade enteira para a súa incorporación nos diferentes ámbitos : educación, medio ambiente, dereito...
3. Promover e facilitar a cidadanía activa e a militancia feminista
4. Promover e facilitar o acceso ás contribucións das mulleres, particularmente nos ámbitos creativos, artísticos e científicos
5. A creación de espazos para mulleres onde compartir experiencias, recoñecendo as prácticas feministas como o non xulgamento, a solidariedade e o incremento do ben estar das mulleres
6. Promover un xeito de feminismo inclusivo e aberto a todas culturas, clases e xeracións
7. Fomentar a reapropiación feminista da cultura eliminando as súas dimensións sexistas omnipresentes

Estes obxetivos poden ser clasificados en tres dimensións diferentes: os medios de comunicación, a cultura e a educación, nas que se poden propor accións. Evidentemente non é unha lista exhaustiva mas simplemente liñas de traballo. Cremos que o fomento do feminismo debe de facer parte de un esforzo permanente en todos os ámbitos da nosa vida colectiva e individual.

Traducido para o galego por Nuria Painho Silva  
[www.feminismo.info](http://www.feminismo.info)  
[nacional@feminismo.info](mailto:nacional@feminismo.info)